

9



Ollos abertos

Falar coas persoas que queremos

Gústanos falar coas persoas ás que queremos, contar as nosas cousas, comentar o que nos pasa, escoitalas.

■ Necesitamos comunicarnos

Habitualmente temos necesidade de dicir o que nos pasa. Por iso contamos os acontecementos que vivimos, xa sexan tristes ou alegres.

Acontecementos alegres	Acontecementos tristes
•	•
•	•
•	•

- ▶ ¿Tés ti tamén necesidade de contar o que che pasa?
- ▶ ¿Que é o que máis comentas cos teus pais? ¿E cos amigos?
- ▶ ¿A quen lle contas primeiro as cousas alegres ou tristes que che pasan?



Mirada penetrante

Comunicarnos: algo máis ca pedir

Comunicarnos axúdanos e fainos ben. Pero non sería bo se soamente acudísemos a falar con alguén para pedirlle cousas:

■ Actitudes diversas

Laura apenas fala cos seus pais e está distante con eles. Pero cando necesita diñeiro, enseguida acode a eles e móstrase moi compracente.

Antonio tén aos seus avós sós; sabe que lles gusta que os visiten ou os chamen por teléfono. Antonio, aínda que está moi ocupado, sempre busca algún momento para visitalos e facerlles compañía.

Lucía é unha rapaza intelixente e estudosa. Hai algunhas compañeiras que falan mal dela, pero en canto teñen algunha dúbida en Matemáticas, acoden a ela e Lucía sempre lles axuda.

Federico acórdase pouco de Deus; apenas reza e vai á misa. Pero cando tén algún problema, enseguida acode a Deus e á Virxe, pedíndolles que lle resolvan o seu problema.

- ▶ ¿Cal che parece a mellor actitude? ¿Por que?








Oídos atentos

Xesús ora e ensínanos a orar

Durante a súa vida, Xesús mantivo unha relación moi estreita con Deus, o seu Pai; dedicou moito tempo á oración e ensinounos como debemos orar.

■ 1 ■ Xesús ora

Xesús ora nos momentos importantes da súa vida e da súa misión:

		Mentres oraba, baixou o Espírito Santo sobre El en forma de pomba. (Lc 3,21-22)
		Por entón subiu á montaña a orar e pasou a noite orando a Deus. (Lc 6,12)
No horto das oliveiras a noite anterior á súa morte		Meu Pai, que non se faga a miña vontade, senón a túa. (Lc 22,42)
		Pai, que sexan un... Gárdaos do mal... Santifícaos na verdade. (Xn 17,11.15.17) Que cheguen á perfecta unidade... Que estean tamén eles comigo e contemplan a miña gloria. (Xn 17,23-24)
		Pai, perdóaos, que eles non saben o que fan. (Lc 23,34) Pai, nas túas mans entrego o meu espírito. (Lc 23,46)

■ 2 ■ Xesús ensina a orar

Un día os discípulos de Xesús díxéronlle:

-Mestre, apréndenos a rezar, como lles aprendeu Xoán aos seus discípulos. (Lc 11,1)

Xesús respondeulles:

-Cando recedes, dicide: Noso Pai... (Lc 11,2)

É necesario comprender ben o que Xesús nos quere ensinar con esta oración:



	Deus fíxonos o seu pobo. É Pai de todos.
	Chamámolo Pai, porque Xesús nolo dixo e El fíxonos fillos de Deus.
	Deus é o Santo, cheo de gloria e maxestade, pero próximo a nós.
	O nome de Deus merece ser sempre gabado e respectado.

	Deus quere que o seu proxecto de salvación se faga realidade para toda a humanidade.
	Deus quere que todos os homes se salven e vivan coma fillos seus.
	Dános o necesario para a vida e o Pan da súa Palabra e da Eucaristía.
Perdoa as nosas ofensas, como tamén perdoamos nós a quen nos tén ofendido...	Recoñecémonos pecadores e confiamos plenamente na misericordia de Deus, que nos perdoa sempre.
	Somos débiles e necesitamos a súa axuda para non ser arrastrados polo mal.
	Deus quere liberar ao mundo de todo mal, para que reinen a paz, a xustiza, o amor.
	Significa "Así sexa". Queremos colaborar para que todas as peticións que Xesús nos ensinou nesta oración se cumpran de verdade.

► Resumimos...

Xesús oraba		Nós debemos orar	
¿Cando?		¿Cando?	
¿Como?		¿Como?	
¿Que pedía?		¿Con que oración?	



Memoria esperta

A oración

A Igrexa aprecia moito a oración do Noso Pai que Xesús lle ensinou. Invítanos a coñecela, comprendela e a orar con ela.

- ¿Que é orar?
- ¿Cal é a petición que dá sentido a todo o Noso Pai?
- ¿Que oración ensinou Xesús aos seus discípulos como modelo e regra de toda oración cristiá?



Mans activas

Consellos de Xesús para a oración

Xesús mandounos orar e indicounos as actitudes con que habemos de facer a nosa oración.

■



Se permanecedes en min e as miñas palabras permanecen en vós, pedide o que queirades e hásevos facer. (Xn 15,7)

■



Canto pidades na oración, crede que o conseguiredes. (Mc 11,24)

■



Cando vos poñades a rezar, non sexades lareteiros..., Botan de conta que os van escoitar polo moito falar. (Mt 6,7)

■



Pedide e recibiredes, buscade e atoparedes, petade e abrirásevos. Pois quen pide recibe, que busca atopa, e a que chama, abriráselle. (Mt 7,7-8)

■



Asegúrovos que se dous de vós se poñen de acordo na terra, para pedir algo, conseguirano do meu Pai Celestial. (Mt 18,19)

■



Non todo o que di: ¡Señor! ¡Señor!, entrará no reino do Ceo, senón o que fai a vontade do meu Pai Celestial. (Mt 7,21)

- ▶ ¿Seguimos estes consellos de Xesús na nosa oración? ¿Cales máis e cáles menos?
- ▶ ¿En que momentos adoitamos orar máis?
- ▶ Para resumir, busca os textos bíblicos deste apartado que corresponden ás seguintes palabras:

Debo orar...	Texto bíblico
Confiado	
Comprometéndome	
Con sinceridade	
Con constancia	